

ACTA 5ª.

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE: TÉCNICO EN INTERVENCIÓN FAMILIAR - EDUCADOR/A FAMILIAR.

Sendo as 11,00 horas do día 08.05.2026, reúnense os membros do tribunal cualificador seguidamente relacionados, designado por resolución da alcaldía do 16.03.2026, para os efectos da resolución de alegacións presentadas contra as puntuacións do exercicio tipo test e realización da proba de galego, outorgamento de puntuacións definitivas do mesmo, e elaboración da proposta da bolsa de emprego segundo puntuacións acadadas polos aspirantes.

Asisten os seguintes membros:

Presidenta: María Victoria Varela Rodríguez.

Secretario: Javier Nieves González.

Vogais:

María Dolores Landeira Liñares.

Águeda Paz Seijas.

María Dolores Torrado Ares.

Co quórum esixido pola base 7 para a válida actuación do tribunal, procédese á resolución de alegacións presentadas contra as puntuacións do exercicio tipo test e puntuacións da proba de galego, que foi realizado con data 29.04.2026, outorgamento de puntuacións definitivas do mesmo, e elaboración da proposta da bolsa de emprego segundo puntuacións acadadas polos aspirantes.

Visto o escrito de alegacións que consta no expediente, seguidamente relacionado, o tribunal por unanimidade tomou os seguintes acordos:

1. Escrito presentado por Vanesa Mella Regueiro, (r.e. 202699900000809, do 04.05.2026), no que sinala:

1. O exercicio tipo test realizado non garantiu o anonimato das persoas aspirantes, tendo en conta que:

- No propio cuestionario do exame facíase constar a identidade do aspirante mediante nome, apelidos e DNI.

- As respostas eran consignadas directamente nese mesmo documento identificado, sen utilización de folia separada nin sistema algún de disociación.

- Non se empregou ningún mecanismo que garantise a corrección anónima (como sistema de plicas ou outros equivalentes). Esta circunstancia determina que o tribunal cualificador puido coñecer en todo momento a identidade das persoas aspirantes durante a corrección do exercicio.

Ao abeiro do anterior, a ausencia de garantías suficientes no sistema de realización e corrección do exercicio constitúe un defecto procedimental relevante, na medida en que afecta á imparcialidade do proceso e xera indefensión aos aspirantes.

2. Conforme as bases da convocatoria, a fase de concurso desenvolveuse con carácter previo á fase de oposición, o que implica que o tribunal xa dispoñía de información relativa aos méritos e perfís dos aspirantes, incrementando o risco de identificación e de eventual afectación á obxectividade. O anterior supón unha diminución das garantías de obxectividade e imparcialidade que deben rexer todo proceso selectivo, ao non establecerse mecanismos que eviten calquera posible identificación e, con iso, calquera risco de trato desigual.

E solicita que se acorde a retroacción do procedemento ao momento anterior á realización do exercicio tipo test, e que se lle facilite copia íntegra do exame realizado por esta aspirante.

Contestación:

As puntuacións acadadas polos aspirantes e a plantilla do exame realizados foron obxecto de exposición para posible presentación de alegacións contra a plantilla de respostas correctas e puntuacións outorgadas, non contra as bases da convocatoria, que foron aceptadas pola aspirante, nas que non figura por ningures que o exame tipo test sexa anónimo, máxime tendo en conta que é un exercicio que se corrixe de xeito inmediato e automático, tendo os aspirantes copia do mesmo na páxina web e taboleiro de edictos do concello sito da sede electrónica do concello desde o mesmo día de realización do exercicio, e se lles entregou un folio para que anotaran as súas respostas, para que puideran comprobar eles mesmos as respostas.

Non se compromete en ningún caso nin o principio de obxectividade, nin o de imparcialidade; aínda que cada administración fai as probas de selección con arranxo ás bases que estima pertinentes, o certo é que a normativa non esixe necesariamente o carácter de anonimato na realización dunha proba tipo test, aínda que poida ser unha práctica recomendable.

Respecto do feito de que a fase de concurso se fixera antes da fase de oposición tampouco compromete a obxectividade nin a imparcialidade do tribunal, toda vez que así está recollido nas bases da convocatoria; non existe ningún precepto que esixa que a fase da oposición sexa previa, xeralmente pode ser así, pero non é preceptivo; incluso o propio nome de concurso-oposición fai referencia a unha fase de concurso seguido dunha fase de oposición; son as bases da convocatoria as que establecen como se celebran as probas e as súas fases.

Consonte coa contestación á alegación sinalada, o tribunal por unanimidade acorda desestimala, e remitirlle á interesada a copia do exame realizado pola mesma.

A continuación, o tribunal por unanimidade acorda:

1º) Elevar a definitivas as puntuacións provisionais outorgadas polo tribunal con data 29.04.2026.

2º) Ordenar aos aspirantes que teñen superado a fase de oposición e, no seu caso, obtido a cualificación de apto na proba de coñecemento da lingua galega, pola seguinte orde segundo as puntuacións obtidas nas fases de concurso e oposición:

APellidos e Nome	Puntos Concurso	Puntos Oposición	Puntuación Total
CARREIRA PEREIRO, FABIOLA	4	6,6	10,6
ÁLVAREZ PÉREZ, EMMA	3,5	6,8	10,3
IGLESIAS FERNÁNDEZ, LAURA	3,6	6,2	9,8
COUSILLAS RAMOS, MARÍA	2,65	6,4	9,05
IGLESIAS MIRÁS, LUCÍA	3	6	9
LÓPEZ BOADO, TANIA	2,7	6,2	8,9
PADÍN BRAVO, NOELIA	2,5	6,2	8,7
HERNANDO MARTÍNEZ, PAULA	1,35	6,2	7,55
FERNÁNDEZ CABRERA, TRISTÁN	2,5	5	7,5
HERMO ROMERO, FÁTIMA	1	6,4	7,4
MARTINS CIVIDANES, YASMINA	1	6,4	7,4
LAMAS LÓPEZ, LORENA	0,35	7	7,35
GARCÍA RODRÍGUEZ, SORAYA	1,5	5,4	6,9
DE AZCÁRATE FERNÁNDEZ, PATRICIA	0	6,4	6,4
CREUS MIÑONES, MARÍA	0,15	6,2	6,35

CABADAS MAGAZ, SARA	0	6,2	6,2
FERREIRO SUÁREZ, LORENA	1,8	4,4	6,2
GONZÁLEZ MOREIRA, NOELIA	1,05	5	6,05
PEREIRO ESPERANTE, LILIANE	0	6	6
CES COMOJO, NOELA	0,3	5,6	5,9
CABALEIRO GARCÍA, ANA MARÍA	0,65	5	5,65
LAGO REY, CARLA	0	5,6	5,6
QUINTAS VILA, MARTA	0,15	5,4	5,55
MELLA REGUEIRO, VANESA	0	5,4	5,4
MIGUÉNS FRANCO, TANIA	0,55	4,8	5,35
SUÁREZ PAN, PATRICIA	0,9	4,4	5,3
GONZÁLEZ-PUELLES PÉREZ, CATARINA	0	5,2	5,2
REY HERMIDA, BIBIANA	0,6	4,4	5
CORRAL LÓPEZ, SALOMÉ	0	4,8	4,8
FERNÁNDEZ LEA, ZAIRA	0	4,6	4,6
PADÍN OTERO, MARÍA DEL MAR	0	4,6	4,6
RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, LAURA	0	4,4	4,4

3º) Consonte co disposto na base 10 o sorteo público para establecer a orde dos dous empates existentes, correspondentes aos aspirantes coa puntuación en negrita, se realizará no salón de plenos da Casa do Concello, o próximo día 13 de maio, as 9,00 horas.

4º) Publicar a acta desta sesión no taboleiro electrónico municipal e na páxina web para xeral coñecemento.

E non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión cara ás 11,40 horas, de todo o que se levanta a presente acta que en proba de conformidade asinan os asistentes, de todo o que como secretario certifico.